



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C005/000005

Ref.: SLR

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA, DO CONTRATO FINANCIADO CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA 2024) “SUBMINISTRACIÓN, POR LOTES, DE DOUS VEHÍCULOS NOVOS CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓN OU ECO PARA O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (FCA 2024)”

O día 19/08/2024, ás 09:00 horas, reúnese a Mesa de contratación para tratar os asuntos contidos na convocatoria realizada o día 16/08/2024. A sesión celébrase a distancia a través do sistema de videoconferencia e a asistencia dos membros realízase mediante comparecencia electrónica, por conexión ao portal web [meet.google.com](https://meet.google.com/rys-hjzg-zvm); identidade da sesión: rys-hjzg-zvm, en consonancia co expresado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/01/2019 no que se establece o uso de medios electrónicos nas mesas de contratación do Concello das Pontes de García Rodríguez.

PRESIDENTE

Carlos Alberto Domínguez Adegas, economista municipal

VOGAIS

José Manuel Cabarcos Anca, secretario accidental

Manuel Souto López, interventor accidental

Eloi Barro Corral, tesoureiro accidental

SECRETARIA

Sandra López Rodríguez, administrativa do departamento de contratación do concello

Non asisten, con escusa, Marina Núñez Orjales, secretaria da corporación; Cristina Morán Monzo, interventora da corporación e Álvaro Luis Santodomingo González, tesoureiro do concello.

O presidente verifica a existencia do preceptivo quórum de constitución e funcionamento establecido no artigo 21.7 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009), e declara a Mesa validamente constituída.

A continuación, pasa a coñecerse dos asuntos incluídos na Orde do Día:

-Aprobación da acta da sesión anterior

O presidente dá conta da acta da sesión anterior, para os efectos da súa aprobación. A Mesa acorda, por unanimidade, aprobar a dita acta.

-Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

Nesta licitación e dentro do prazo previsto para a presentación de proposicións, presenta oferta, para os dous lotes, un único licitador.

A continuación, iníciase a apertura da oferta económica. A oferta presentada pola empresa licitadora é a seguinte:

Lote 1

Nome do contrato: Vehículo destinado ao Departamento de Obras. (Lote 1)

Prezo de licitación: 35 134,71€ (sen IVE)

Límite oferta anormal ou desproporcionada: 33 729,32 €



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C005/000005

Ref.: SLR

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Oferta económica (max 80 pts)	Ampliación prazo garantía (máx 20 pts)	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Breogán Motor SL	34270,11	2,46	9,18	6,00 (24 meses)	Non	15,18

Nesta licitación non concorren empresas vinculadas.

A puntuación obtida pola empresa e a clasificación por orde de puntuación final é a seguinte:

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Oferta económica (max 80 pts)	Ampliación prazo garantía (máx 20 pts)	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Breogán Motor SL	34270,11	2,46	9,18	6,00 (24 meses)	Non	15,18

De acordo co artigo 159.4 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e do disposto na cláusula 15.1 do PCAP, propónse ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Breogán Motor, SL, cunha puntuación total de 15,18 puntos e unha oferta económica de 34 270,11 € sen IVE e 41 466,83 € con IVE.

A continuación, a mesa comprobou se o licitador está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. O licitador está inscrito no ROLECE. Da dita inscrición, dérivase que a empresa está debidamente constituída; xustifícase o apoderamento do asinante da proposición; confírmase que non está incurso en prohibicións de contratar. Acompaña á oferta a documentación acreditativa da solvencia económica (certificación da cifra de negocios da anualidade) e da solvencia técnica (subministracións efectuadas nos últimos tres anos), ambas por importe superior ao 50% do valor estimado deste contrato. Verifícase que está ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e das obrigas da Seguridade Social. O Concello das Pontes verificará se o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

No caso de que o informe técnico verifique que a dita documentación cumpre coas esixencias do prego, a mesa acorda requirir a este licitador para que achegue, no prazo de sete días hábiles contados a partir do envío da comunicación pertinente, a documentación que esixe a cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (garantía definitiva). A documentación presentárase en formato dixital (PDF con firma electrónica) a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.com/es>) ou da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Lote 2

Nome do contrato: Vehículo e equipamento Policía Local. (Lote 2)

Prezo de licitación: 37 446,61€ (sen IVE)

Límite oferta anormal ou desproporcionada: 35 948,75 €



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C005/000005

Ref.: SLR

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Oferta económica (max 80 pts)	Ampliación prazo garantía (máx 20 pts)	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Breogán Motor SL	36826,00	1,66	6,20	6,00 (24 meses)	Non	12,20

Nesta licitación non concorren empresas vinculadas.

A puntuación obtida pola empresa e a clasificación por orde de puntuación final é a seguinte:

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Oferta económica (max 80 pts)	Ampliación prazo garantía (máx 20 pts)	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Breogán Motor SL	36826,00	1,66	6,20	6,00 (24 meses)	Non	12,20

De acordo co artigo 159.4 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e do disposto na cláusula 15.1 do PCAP, propónse ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Breogán Motor, SL, cunha puntuación total de 12,20 puntos e unha oferta económica de 36 826,00 € sen IVE e 44 560,19 € con IVE.

A continuación, a mesa comprobou se o licitador está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. O licitador está inscrito no ROLECE. Da dita inscrición, dérvase que a empresa está debidamente constituída; xustifícase o apoderamento do asinante da proposición; confírmase que non está incurso en prohibicións de contratar. Acompaña á oferta a documentación acreditativa da solvencia económica (certificación da cifra de negocios da anualidade) e da solvencia técnica (subministracións efectuadas nos últimos tres anos), ambas por importe superior ao 50% do valor estimado deste contrato. Verifícase que está ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e das obrigas da Seguridade Social. O Concello das Pontes verificará se o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

No caso de que o informe técnico verifique que a dita documentación cumpre coas esixencias do prego, a mesa acorda requirir a este licitador para que achegue, no prazo de sete días hábiles contados a partir do envío da comunicación pertinente, a documentación que esixe a cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (garantía definitiva). A documentación presentárase en formato dixital (PDF con firma electrónica) a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.com/es>) ou da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

O presidente remata a sesión pública de apertura das ofertas ás 09:15 horas, da que se estende esta acta que asinan a secretaria e o presidente da mesa, segundo establece o artigo 87.3 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

As Pontes de García Rodríguez, 19 de agosto de 2024



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C005/000005

Ref.: SLR

A secretaria

O presidente suplente